BOP DEPUTACIÓN DE LUGO
VENRES, 19 DE XULLO DE 2019 N.º 165
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Nuria Bonet Muñoz solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.67017.

As obras solicitadas consisten en colocar unha caseta prefabricada, restaurar un muro de pedra, construír un pequeno invernadoiro e pechar as fincas de referencia catastral 27025A04800011, 27025A04800012 e 27025A04800016. Atópase na zona de policía do río da Rigueira, no lugar de Cornide, na parroquia da Rigueira, no concello de Xove (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Xove ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 08 de xullo de 2019A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 2169

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Ángel Pérez Fernández solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.66079.

As obras solicitadas consisten na construción dunha nave empresarial no "Parque Empresarial de Landrove", na parcela IV-7, na zona de policía do río Galdo, no concello de Viveiro (Lugo). Pecharase a finca con malla de simple torsión e postes de aceiro galvanizado de 2 metros de altura.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Viveiro ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 08 de xullo de 2019.- A xefa do servizo territorial, lRocío Carreira Carral.

R. 2170

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Concello de Burela solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.66961.

As obras solicitadas consisten na execución do "Proxecto técnico de mellora da camiños públicos existentes" na zona de policía do rego de Pomeda e río da Vila, no concello de Burela (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2019 (19/07/2019 08:00:00)

reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Burela ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 08 de xullo de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 2171

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO (REDE MUSEÍSTICA)

Anuncio

CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE ARTIGOS PARA A PUBLICACION NO BOLETÍN DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO (Nº XVI)

En sesión ordinaría celebrada o celebrada o día vinte e oito de xuño de dous mil dazanove, aprobouse en Xunta de Gobernno a **CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE ARTIGOS PARA A PUBLICACION NO BOLETÍN DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO (Nº XVI)** que se publica a continuación:

1.- Os artigos que se presenten ao número XVI do **BOLETÍN DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO** versarán sobre:

- Historia e contidos dos museos que integran a Rede Museística (Museo Provincial de Lugo, Museo Fortaleza de San Paio de Narla, Museo Provincial do Mar e Museo Pazo de Tor).

-Historia, Arte, Arqueoloxía, Etnografía, etc., preferentemente sobre a provincia de Lugo.

2.- Os traballos, en galego, terán unha extensión máxima de 50 páxinas en DIN-A4 e presentaranse en formato dixital aberto, con tipo de letra Times New Roman de tamaño 12 e interlineado de 1,5.

3.- Ademais do texto, admitirase un máximo de 15 fotografías en jpg ou tiff (a 1 MB de resolución minima), que deberán vir numeradas e co seu correspondente texto explicativo. Tamén poden figurar intercaladas no texto. Igual tratamento aplicarase a cadros, mapas, gráficos, figuras, etc. que acompañen ao artigo.

4.- As referencias bibliográficas realizaranse de acordo co seguinte estilo:

- Monografías.

Autor (APELIDOS, Nome). ***Titulo da monografía***. Edición. Lugar: Editorial, ano. ISBN.

- Artigos de Revistas.

Autor (APELIDOS, Nome). "Título", en ***Boletín do Museo Provincial de Lugo***, Tomo XI, ano, (páxinas do artigo).

- Partes de monografías.

Autor (APELIDOS, Nome). "Título da parte", en ***Título da monografía***. Lugar: Editorial, ano. Páxs. ISBN.

5.- As notas ao pé de páxina irán, como o seu nome indica, ao pé da páxina e non ó final do artigo. Pola súa parte, a bibliografía figurará ao final do artigo, ordenada alfabeticamente segundo o primeiro apelido dos autores. Se un autor conta con máis dunha obra, a ordenación será pola data de publicación, comezando pola máis antiga.

6.- Os traballos teñen que ser inéditos e cada autor poderá presentar un máximo de dous traballos.

7.- Co artigo acompañarase un breve resumo (cun máximo de cinco liñas), en galego, castelán e inglés, do tema desenvolto; así como un currículo asinado do autor ou autores, indicando nel o enderezo permanente, teléfono de contacto e correo electrónico.

8.- A presentación de orixinais supón a aceptación das presentes bases, ás resolucións que o Comité de Redacción considere oportunas e a renuncia a calquera tipo de reclamación.

9.- Na corrección de probas de imprenta, realizada polos autores, non se admitirán variacións significativas nin adicións ao texto. A corrección farase nun prazo máximo de 5 días.

10.- Establécese como prazo máximo para a súa presentación o 30 de setembro de 2019.

11.- A Deputación Provincial, por medio dos Comités de Redacción e Científico deste Boletín, reserva para si o dereito de admisión e selección dos traballos presentados. Tamén, se o considera oportuno, a reedición dos artigos ou a realización de separatas.

12.- Integran o **Comité de Redacción** do Boletín do Museo Provincial de Lugo as seguintes persoas: Aurelia Balseiro García (Directora do Museo Provincial de Lugo), Encarnación Lago González (Xerente da Rede Museística Provincial de Lugo), Enrique Alcorta Irastorza (Responsable de Arqueoloxía do Museo Provincial de Lugo), Fernando Arribas Arias (Responsable de Difusión da Rede Museística da Deputación de Lugo), Blanca Besteiro García (Restauradora do Museo Provincial de Lugo), Ofelia Carnero Vázquez (Técnica de Museos, Departamento de Arqueoloxía e Historia do Museo Provincial de Lugo), María del Rosario Fernández González (Responsable de Etnografía e Artes Decorativas da Rede Museística da Deputación de Lugo), María Quiroga Figueroa (Técnica de Museos, Departamento de Belas

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2019 (19/07/2019 08:00:00)

Artes do Museo Provincial de Lugo), Antonio Reigosa Carreiras (Responsable de Comunicación e Xestión Cultural da Rede Museística da Deputación de Lugo); María de las Mercedes Salvador Castañer (Responsable da Biblioteca do Museo Provincial de Lugo) e Lucila Yáñez Anlló (Xefa da Sección de Belas Artes do Museo Provincial de Lugo).

Integran o **Comité Científico** as seguintes persoas: Xusto Beramendi González (Catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela e Presidente da Xunta Rectora do Museo do Pobo Galego); D. Juan Monterroso Montero (Doutor en Historia da Arte da USC); Pegerto Saavedra Fernández (Catedrático de Historia Moderna da USC); Ana Goy Diz (Catedrática de Historia da Arte da USC); Ramón Fábregas Valcarce (Catedrático de Prehistoria da USC); César M. Carnero Rodríguez (Delegado de Patrimonio Histórico-Artístico da Diócese de Lugo); Mónica López Alonso (Artista plástica); María José Santiso Gómez (Artista plástica); Dolores Barral Rivadulla (Doutora en Historia da Arte / Profesora de Arte Antiga e Medieval da USC); Xaquín Rodríguez Campos (Catedrático de Antropoloxía Social da USC); María Xesús Souto Blanco (Doutora en Historia Contemporánea, Profesora da Facultade de Relacións Laborais de Santiago de Compostela); Felipe Arias Vilas (Licenciado en Filosofía e Letras. Profesor e investigador "ad honorem" da Facultade de Humanidades de Lugo e ex Director do Museo Provincial de Lugo); Santiago Catalán Tobía (Arquitecto); María Xosé Fernández Cerviño (Arquitecta e Subdirectora do Museo do Pobo Galego); Eduardo Ramil Rego (Director do Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba); Beatriz Comendador Rey (Arqueóloga e profesora de Prehistoria da Universidade de Vigo) e Felipe Senén López Gómez (Arqueólogo e Secretario Xeral da Real Academia Galega de Belas Artes).

13.- A resolución que se adopte, en todo caso, terá carácter inapelable. A publicación dos traballos implica necesariamente a cesión de todos os dereitos de publicación inherentes dos autores a favor da Deputación de Lugo. Os orixinais non publicados seranlles devoltos aos seus autores. Os autores, cuxos traballos sexan escollidos, recibirán gratuitamente 3 exemplares impresos.

14.- O Boletín do Museo Provincial de Lugo declina calquera responsabilidade sobre posibles conflictos derivados da autoría dos traballos que se publiquen no mesmo.

Os artigos deberán ser remitidos a:

Departamento de Difusión da Rede Museística da Deputación de Lugo

difusion@museolugo.org

Lugo, 12 de xullo de 2019.- **O PRESIDENTE EN FUNCIÓNS**, Darío Campos Conde.- **A SECRETARIA,** María Esther Alvarez Martínez .

R. 2257

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

DECRETO DA ALCALDÍA.-

Tendo previsto ausentarme do termo municipal por razón de disfrute das vacacións anuais, durante o período comprendido entre os días 29 de Xullo de 2019 e o 14 de agosto de 2019 - ambos inclusive - , e de conformidade co previsto no art. 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e o art. 47. 1 e 2, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Pola presente, veño en RESOLVER:

1º.- Que durante a miña ausencia me substitúa na totalidade das miñas funcións o 1º Tenente de Alcalde, D. Luis Luaña Castelo.

2º.- Notificar este acordo ao interesado e dése conta ao Pleno da Corporación e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Mándao e asínao, o sr. Alcalde-Presidente en Begonte a once de xullo de dous mil dezanove, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE. José Ulla Rocha. O SECRETARIO. Antonio Lorenzo Morandeira

Begonte, 11 de xullo de 2019.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2172

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2019 (19/07/2019 08:00:00)

CASTRO DE REI

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día cinco de xullo do dous mil dezanove, adoptou, entre outros, os seguintes acordos relativos ás proposicións de alcaldía sobre:

PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO:

"*Primeiro.- O Concello Pleno celebrará sesións ordinarias, de conformidade co disposto no artigo 46.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, e o artigo 78.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o terceiro venres dos meses de xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro, ás dezaseis horas e trinta minutos.*

Segundo.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo."

PERCEPCIÓN DE RETRIBUCIÓNS POLO EXERCICIO DOS CARGOS, INDEMNIZACIÓNS E ASIGNACIÓNS A GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

"*Primeiro.- O membro da Corporación que vai desempeña-lo cargo con dedicación exclusiva é:*

- *O Sr. Concelleiro, D. Roberto Lorenzo Fernández, co seguinte réxime de retribucións: 2.189,00 euros brutos mensuais, de catorce pagas anuais, asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que correspondan. Estas retribucións terán unha subida ou unha reducción anual en orzamentos igual á subida ou reducción regulamentada anualmente para o persoal, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.*

Segundo.- O membro da Corporación que vai desempeña-lo cargo con dedicación exclusiva é:

- *O Sr. Alcalde D. Francisco Javier Balado Teijeiro, co seguinte réxime de retribucións: 2.734,19 euros brutos mensuais, de catorce pagas anuais. Estas retribucións terán unha subida ou unha reducción anual en orzamentos igual á subida ou reducción regulamentada anualmente para o persoal, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.*

Terceiro.- O membro da Corporación que vai desempeña-lo cargo con dedicación parcial de vintecinco horas á semana é:

- *O Sr. Concelleiro D. José Luis García Barja, co seguinte réxime de retribucións: 1.213,94 euros brutos mensuais, de catorce pagas anuais. Estas retribucións terán unha subida ou unha reducción anual en orzamentos igual á subida ou reducción regulamentada anualmente para o persoal, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.*

Cuarto.- Designación de persoal eventual, dacordo co artigo 104,bis da Lei de Bases de Réxime Local:

- *Nomear a Dª María Dolores Fernández Pita, como persoal de confianza, a media xornada de luns a venres, para apoio á alcaldía, co seguinte réxime retributivo: 873,37€ brutos mensuais, de catorce pagas anuais. Estas retribucións terán unha subida ou unha reducción anual en orzamentos igual á subida ou reducción regulamentada anualmente para o persoal, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.*

Quinto.- Asistencias a sesións de órganos colexiados:

Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial, percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións de:

- *Plenos: Contía de 140 euros.*
- *Xunta de Goberno Local: Contía de 80 euros.*
- *Comisións Informativas: Contía de 80 euros.*

Sexto.- Participación en Tribunais: Os membros da Corporación percibirán as indemnizacións por razón de concorrencia a sesións de Tribunal e órganos colexiados da selección de persoal, as que legalmente fixe o Estado, no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Sétimo.- Indemnizacións por razón do servizo:

- *As establecidas na Lexislación Xeral do Estado, de acordo co disposto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.*
- *Os gastos de locomoción serán os sinalados no RD 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións de servizo, debidamente actualizado pola Orde EHA/3770/2005, de 1 de decembro, pola que se revisa o importe da indemnización por uso de vehículo particular establecida no citado Real Decreto.*

Oitavo.- Asignación ós Grupos Políticos Municipais por razón do disposto no artigo 73 da Lei de Bases de Réxime Local:

- *Cincuenta euros ó mes por cada un dos concelleiros integrantes de cada grupo municipal.*
- *Oitenta euros ó mes por cada grupo municipal.*"

-

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2019 (19/07/2019 08:00:00)

DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS DO PLENO EN XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

"*Dado que o artigo 65.2 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, permite que polo Pleno se deleguen na Xunta de Goberno Local as atribucións que se especifican no artigo 64.2, nos apartados g), l), n), e o), do mesmo texto legal.*

Esta posibilidade tamén se recolle no artigo 22.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, salvo as enunciadas no número dous, letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p) e no número tres do citado artigo.

Polo tanto o Pleno delega na Xunta de Goberno Local, as atribucións recollidas nos citados artigos 64.2 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia así como no artigo 22.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, agás a establecida no apartado ñ do artigo 22 da lei de bases de réxime local referida á aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexan competencia para a súa contratación ou concesión, e cando non estén previstos nos orzamentos, que se delega na Alcaldía.

O Pleno delega en Xunta de Goberno Local as competencias como órgano de contratación, a aprobación dos pregos de cáusulas administrativas particulares e no seu caso, de prescripcións técnicas, respecto dos contratos de obras, de subministro, de servicios, de concesión de obras, de concesión de servicios e os contratos administrativos especiais que de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, sexan competencia do Pleno Municipal.

O acordo plenario no que se outorgue a delegación require maioría simple dos membros da Corporación, así o indica o artigo 47 da Lei de Bases e tamén no artigo 51.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, no que ademais indica que xurdirá efectos dende o día seguinte ó da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Esta proposta faise co ánimo de lograr unha maior eficacia e dinamismo na vida municipal, permitindo así no caso de ser aprobada, que sexan delegadas na Xunta de Goberno Local e na Alcaldía, as atribucións que legalmente lle corresponden ó Pleno, de acordo cos preceptos legais enunciados anteriormente."

"Decreto de Alcaldía nº 317/2019 de 2 de xullo, co tenor literal seguinte:

"*D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei,(Lugo), de conformidade co disposto no artigo 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986 e no artigo 61 da Lei de Administración Local de Galicia de 22 de xullo de 1997, veño en dictar a seguinte RESOLUCIÓN:*

Primeiro.- Nomear Tenientes de Alcalde ós concelleiros seguintes:

1º Teniente de Alcalde, D. Roberto Lorenzo Fernández.

2º Teniente de Alcalde, Dª. Laura Casmpo Fernández.

3º Teniente de Alcalde, Dª. María Josefa López López.

4º Teniente de Alcalde, D. José Luis García Barja.

Ós Tenientes de Alcalde, en canto tales, lles corresponderá sustituir a esta Alcaldía na totalidade das suas funcións e por orden do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermedade ou impedimento que lles imposibilite para o exercicio das suas atribucións.

Segundo.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademáis, persoalmente ós designados, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo, da sua efectividade dende o día seguinte da sinatura desta resolución polo Alcalde."

Decreto de Alcaldía nº 318/2019 de 2 de xullo, co tenor literal seguinte:

"*D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei (Lugo), de conformidade co disposto no artigo 23 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e o artigo 65 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, veño en dictar o seguinte DECRETO:*

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, presidida por esta Alcaldía, estará integrada por catro concelleiros, número de concelleiros non superior ó tercio do número legal dos que integran a Corporación.

Segundo.- Nomear membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Castro de Rei ós seguintes membros da Corporación Municipal:

1º Tenente de Alcalde, D. Roberto Lorenzo Fernández.

2º Teniente de Alcalde, Dª. Laura Campo Fernández.

3º Teniente de Alcalde, Dª. María Josefa López López.

4º Teniente de Alcalde, D. José Luis García Barja.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local terá asinada as seguintes atribucións:

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2019 (19/07/2019 08:00:00)

a) A asistencia permanente ó Alcalde no exercicio das súas atribucións, que é atribución propia e indelegable, dacordo co artigo 53 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

b) As que esta Alcaldía de forma expresa lle delega e que a continuación se reseñan:

1- As contidas no apartado g do número un do artigo 61 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia: Autorizar e dispoñe-los gastos dentro dos límites da competencia da Alcaldía, agás os seguintes:

. As que se refiran ó pagamento de nóminas e seguridade social, seguros, anuncios, pagos a outras administracións públicas.

. As motivadas por indemnizacións e gastos a membros corporativos no exercicio das súas funcións, así como gastos de locomoción de corporativos e funcionarios.

. As que sexan consecuencia da contratación na modalidade de contrato menor.

. A solicitude de inclusión de obras en Plans Provinciais, da Comunidade Autónoma ou doutras Administracións, e adhesión a convenios doutros organismos.

. A solicitude de delegación de competencias para a contratación e execución de obras e servizos con outras administracións.

. A aprobación de proxectos técnicos e memorias valoradas cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

O recoñecemento da obriga derivado dos gastos autorizados e comprometidos citados anteriormente serán competencia da Alcaldía.

2.- As contidas no apartado 1 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, relativas a: a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e no seu caso, de prescripcións técnicas, respecto dos contratos de obras, de subministro, de servicios, de concesión de obras, de concesión de servicios e os contratos administrativos especiais que de conformidade coa citada Disposición Adicional Segunda sexan competencia da Alcaldía, é dicir cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a cuantía de seis millóns de euros, incluidos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a cuantía sinalada.

Por razóns de urxencia a Alcaldía poderá avocar temporalmente estas competencias, dando conta do acordo adoptado á Xunta de Goberno Local.

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria os segundos e cuartos xoves, de cada mes, ás doce horas.

Quinto.- Do presente Decreto darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose ós designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da sinatura desta resolución polo Alcalde.

Sexto.- Quedan derogados os Decretos e Resolucións así como calquera outra resolución que se opoña ó contido do presente Decreto."

Decreto de Alcaldía nº 319/2019 de 2 de xullo, co tenor literal seguinte:

"*D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei, (Lugo), de conformidade co disposto no artigo 43 apartados 3, 4 e 5 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e para unha maior eficacia na xestión, veño en dictar o seguinte DECRETO:*

Primeiro.- Delegar nos Sres Concelleiros as seguintes delegacións xenéricas:

1.- As Delegacións de Infraestructuras (Vías e Obras) e Comercio (Feiras e Mercados e Servizos Veterinarios), a favor de D. Roberto Lorenzo Fernández.

2.- As Delegacións de Medio Rural, Producción Agropecuaria e Calidade Agroalimentaria, a favor de Dª. Marisol Gigán Díaz.

3.- As Delegacións de Educación, Sanidade, Innovación Educativa, Centros e Recursos Humanos, a favor de Dª. Laura Campo Fernández.

4.- As Delegacións de Familia, Benestar, Cultura e Xuventude, a favor de Dª. María Josefa López López.

5.- As Delegacións de Sostibilidade e Paisaxe, Recursos Cinexéticos e Conservación da Natureza, a favor de D. José Rielo Losada.

6.- As Delegacións de Medio Ambiente, Augas, Calidade e Avaliación Ambiental, a favor de D. José Luis García Barja.

7.- A Delegación de Deportes, a favor de D. Víctor Carrera Puente

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2019 (19/07/2019 08:00:00)

Estas delegacións comprenderán a dirección interna e xestión dos servizos encomendados, sen incluir a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Segundo.- As áreas de Urbanismo, Vivenda, Relacións Laborais, Industria e Desenvolvemento Empresarial, serán asumidas polo Alcalde-Presidente, D. Francisco Javier Balado Teijeiro.

Terceiro.- O presente Decreto de Delegación de atribucións surtirá efecto dende o día seguinte ao da data deste decreto.

Cuarto.- Do presente Decreto darase conta ó Concello-Pleno, na primeira sesión que celebre, notificándose ós designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da sua efectividade dende o día seguinte ao da data deste decreto."

Castro de Rei, 11 de xullo de 2019.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 2173

CASTROVERDE

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía do 8 de Xullo de 2019, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ao segundo trimestre do ano 2019:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio**,** no que se inclúe o canon da auga (2º trimestre do ano 2019).
- Padrón da taxa por recollida de lixo.
- Padrón de sumidoiros.

Expóñense ao público polo pazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recursos: Contra o acordo de aprobación dos padróns de: abastecemento de auga, recollida de lixo, rede de sumidoiros, e servizo de axuda no fogar, poderá interporse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, dende o día 15 de xullo de 2019 ata o 15 de setembro de 2019**.** Finalizado o prazo pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 de Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 10 de xullo de 2019.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2174

CHANTADA

Anuncio

NOMEAMENTOS, DELEGACIÓNS E RETRIBUCIÓNS CORPORATIVAS

De acordo co previsto nos art. 44, 46 e 51 do ROF, e nos artigos 75.5 e 104.3 da Lei 7/1985, fanse públicos os seguintes acordos municipais:

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2019 (19/07/2019 08:00:00)

A) Nomeamentos corporativos e delegacións especiais. Decreto da Alcaldía de 28/06/2019.

- Concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local, que conformarán dito Órgano xunto co Sr. Alcalde que o preside:

.- D. Manuel Diéguez Carballo.

.- Dna. Mª Cándida Carnero Blanco.

.- Dna. Pamela Fernández Águila.

.- D. Juan Alberto Diéguez Fernández.

- Tenentes de Alcalde, que substituirán regulamentariamente ao Sr. Alcalde pola orde en que son designados:

- 1º Tenente de Alcalde: D. Manuel Diéguez Carballo.

- 2ª Tenente de Alcalde: Dna. Mª Cándida Carnero Blanco.

- 3º Tenente de Alcalde: Dna. Pamela Fernández Águila.

- 4ª Tenente de Alcalde: D. Juan Alberto Diéguez Fernández.

- Delegacións especiais dos servizos que se indican. Fanse constar os servizos que non son obxecto de delegación por ser xestión da propia Alcaldía.

- ALCALDE: Urbanismo; Réxime Interior; Seguridade Cidadá e Relacións Institucionais.

-1º TENENTE DE ALCALDE: Cultura; Promoción Sector Vitivinícola; Novas Tecnoloxías.

- 2º TENENTE DE ALCALDE: Servicios Sociais e Benestar.

- 3º TENENTE DE ALCALDE: Turismo; Comercio; Igualdade e Saúde Pública.

- 4ª TENENTE DE ALCALDE: Medio Ambiente, Desenvolvemento Rural e actividade agrogandeira.

- CONCELLEIRO: D. DIEGO OTERO VEIGA: Deportes; Emprego; Patrimonio e Infraestruturas.

- CONCELLEIRA: DONA CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ LÓPEZ: Educación; Xuventude e Parques e Xardíns.

B) Delegación de atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local. Decreto da Alcaldía do 02/07/2019.

1. Recoñecemento e liquidación de obrigacións económicas, en materia de contratación, legalmente adquiridas.

2. Recoñecemento extraxudicial de crédito, cando existe crédito orzamentario e trátase de gastos realizados durante o exercicio económico.

3. O outorgamento e concesión de subvencións e axudas económicas de todo tipo.

4. Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o persoal aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para os concursos de provisión de postos de traballo.

5. Distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.

6. As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

7. A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

8. As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

9. As competencias para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento basee de licitación, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

10. A Resolución de expedientes urbanísticos de obras maiores, e outorgamento das licenzas que neles conrespondan.

11. A Resolución de expedientes de disciplina urbanística, sancionadores, de reposición da Legalidade Urbanística e as ordes de execución a excepción de expedientes de disciplina medio ambiental e de ruína que lle corresponderán á Alcaldía.

12.- As autorizacións de dominio público e de utilización de instalacións municipais, as licenzas de vaos, taxis, vehículos de aluguer e animais perigosos.

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2019 (19/07/2019 08:00:00)

13.- Os convenios con outras Administracións Publicas que non correspondan ó Pleno.

*C) **Dedicacións de membros da Corporación e asignacións económicas corporativas. Acordo do Pleno do 02 de xullo de 2019**.*

- Exercicio do cargo en dedicación parcial, cunha retribución de 26.600,00 € brutos anuais repartidos en 14 pagas para o concelleiro de Deportes, Emprego, Patrimonio e Infraestruturas.
- Percepción por asistencias a Órganos colexiados, que lles corresponde aos membros da Corporación sen dedicación exclusiva ou parcial, 150,00 € por sesión do Pleno, 250,00€ por sesión da Xunta de Goberno Local, e de 100,00 € por sesión das Comisións Informativas.
- Indemnizacións polos gastos ocasionados no exercicio do cargo (dietas e locomoción), segundo as normas que se aplican aos funcionarios públicos, con asimilación ao grupo 1 do Real Decreto 462/2002.
- Asignación aos Grupos políticos municipais da seguinte dotación económica:

Compoñente fixo: 100,00 € por mes. Idéntico para tódolos Grupos.

Compoñente variable: 50,00 € por membro do Grupo e mes.

Chantada, 2 de xullo de 2019.- O Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 2175

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 02/07/2019 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes a xuño-2019.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes xuño 2019 terá lugar neste Municipio dende o día 3 de xullo de 2019 ata o día 2 de setembro de 2019.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada,4 de xullo de 2019.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 2176

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 17/06/2019 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a maio do 2019.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a maio 2019 terá lugar neste municipio dende o día 18 de xuño de 2019 ata o día 19 de agosto de 2019.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2019 (19/07/2019 08:00:00)

Chantada, 17 de xuño de 2019.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 2177

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 25/06/2019 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da taxa por entrada de vehículos a través das beirarúas correspondentes o exercicio de 2019.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra o meritado Padrón o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario, do Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da taxa por entrada de vehículos a través das beirarúas correspondente o exercicio de 2019, terá lugar neste municipio, dende o día 1 de xullo de 2019 ata o día 2 de setembro de 2019.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas de período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 26 de xuño 2019.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 2178

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 4 de xullo de 2019, aprobaronse os Padróns da Taxa por subministro de auga, canon de auga, recollida de lixo e depuración, correspondentes ao 3º bimestre de 2019, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 15 de xullo e o 15 de setembro de 2019.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Conselleria de Facenda) no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, 8 de xullo de 2019.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERÍO.

R. 2179

Anuncio

Conforme ao establecido no artigo 38 e concordantes do Real Decreto 2568/1996 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, procédese á publicación dos acordos adoptados polo Pleno do Concello de Foz na sesión organizativa celebrada con data 4 de xullo de 2019, e das Resolucións de designación membros da xunta de goberno local, periodicidade das sesións da xunta de goberno local e delegación de competencias de alcaldía; de designación dos tenentes de alcalde; e de establecemento dun réxime de delegacións de competencias de carácter xeral e especial a favor dos concelleiros.

PROPOSTA ALCALDÍA CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.-

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2019 (19/07/2019 08:00:00)

Pola Secretaria dáse lectura á Proposta de Alcaldía, cuxo teor literal di:

" PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o artigo 20.1. c) da LRBRL que sinala que nos municipios de mais de 5.000 habitantes e nos de menos cando así o dispoña o seu Regulamento Orgánico ou o acorde o Pleno, existirán, se a lexislación autonómica non prevé neste ámbito outra forma organizativa, órganos que teñan por obxecto o estudio, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno.

Vistos o artigo 127 do ROF a Comisión Especial de Contas é de existencia preceptiva, segundo dispón o artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e a súa constitución, composición e integración e funcionamento axustarase ó establecido para as demais Comisións Informativas.

Corresponde á Comisión Especial de Contas o exame, estudio e informe de todas as contas, orzamentarias e extraorzamentarias, que daba aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das Entidades Locais.

Visto o artigo 125 b) do ROF que sinala que cada comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.

Visto o artigo 46.2.a da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local é polo que elevo ó Pleno a seguinte,

PROPOSTA

PRIMEIRO.- A creación da Comisión Especial de Contas, que informará e emitirá ditame, en todo caso no expediente de aprobación da Conta Xeral do Orzamento Municipal;

SEGUNDO.- A composición da citada Comisión Especial de Contas, cuxa presidencia corresponde ó Sr. Alcalde-Presidente será a seguinte:

Presidencia máis tres membros do PSdG PSOE

Tres membros do PP

1 membro do BNG

1 membro de FPF

TERCEIRO.- Ós efectos de constituír a citada Comisión coa maior brevidade posible, os portavoces dos grupos municipais do PsdG PSOE,PP,BNG e FPF (grupo mixto) deberán comunicar o nome do Concelleiro designado para formar parte da citada Comisión".

Rematada a lectura e debate da proposta, sométese a votación, resultando aprobaba por UNANIMIDADE dos membros presentes da Corporación Municipal (16 dos 17 Concelleiros que a compoñen).

PROPOSTA ALCALDÍA CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO.-

Pola Secretaria dáse lectura á Proposta de Alcaldía, cuxo teor literal di:

" PROPOSTA DE ALCALDÍA

Celebradas as eleccións locais que tiveron lugar o pasado día 26 de maio de 2019, e constituída a nova Corporación con data 15 de xuño de 2019, resulta necesario proceder, de acordo ca lexislación vixente e co Regulamento Orgánico Municipal, á creación e composición das Comisións Informativas permanentes.

Tendo en conta que de conformidade co disposto pola normativa autonómica, constituída pola Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Réxime Local de Galicia, en concordancia cos artigos 134 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en adiante ROF), corresponde ó Pleno de cada Corporación determinar o número e denominación destas Comisións Informativas de estudio e ditame, tanto cando nacen con vocación de permanencia por obedecer á estrutura do ámbito competencial do Concello, como cando nacen con carácter temporal co obxecto de tratar de temas específicos.

Tendo en conta que de conformidade co precepto citado, estas Comisións deberán estar integradas polos membros que designen os diferentes Grupos Políticos que forman parte da Corporación, en proporción á súa representatividade neste Concello.

Esta Alcaldía, de conformidade coa la lexislación autonómica antes mencionada, en concordancia cos artigos 123 e seguintes do ROF, en todo aquelo que non se opoña, contradiga ou resulte incompatible cas normas anteriores, propón ó Pleno do Concello a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Primeiro: Crear a seguinte comisión informativa de carácter permanente:

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2019 (19/07/2019 08:00:00)

- **Comisión informativa de asuntos preparatorios de pleno.**
- A súa composición será a seguinte en aplicación do voto ponderado:
O Alcalde que actuará como presidente e 3 membros do PSdG PSOE

3 membros do PP

1 membro do BNG

1 membro do grupos mixto (FPF)

Segundo:- As funcións destas Comisións Informativas de carácter permanente, serán o estudio e ditame previo dos asuntos que se sometan á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local e da Alcaldía, nestes dous últimos supostos cando estes órganos actúen por delegación de aquel, podendo intervir tamén en relación con outros asuntos que non sexan da competencia do Pleno da Corporación, cando o órgano competente lles solicite o seu ditame.

A efectos de control e seguimento da xestión dos órganos ós que anteriormente se fixo referencia, recoñecese o dereito de tódolos Concelleiros membros das Comisións Informativas de poder consultar, directa e persoalmente, os libros de resolucións e os libros de actas da Xunta de Goberno Local custodiados na Secretaria Xeral da Corporación.

Terceiro:- Estas Comisións, celebrarán reunións de acordo co réxime de sesións establecido polo Regulamento Orgánico Municipal cas particularidades que, en execución das súas previsións, estableza cada unha das Comisións na súa sesión constitutiva, podendo celebrar sesións extraordinarias cando o Presidente o decida, ou cando o solicite a cuarta parte, como mínimo, do seu número legal de membros.

Cuarto:- Comunicar este acordo ós diferentes Grupos Políticos Municipais, facéndolles saber que deberán designar os seus representantes en cada Comisión, notificándoo por escrito ó Secretario Xeral da Corporación no prazo dunha semana a contar dende a adopción do presente acordo, quedando facultado o señor Alcalde para, mediante Decreto, proceder ó seu nomeamento".

Rematada a lectura e debate da proposta, sométese a votación, resultando aprobaba por UNANIMIDADE dos membros presentes da Corporación Municipal (16 dos 17 Concelleiros que a compoñen).

PROPOSTA ALCALDÍA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS.-

Pola Secretaria dáse lectura á Proposta de Alcaldía, cuxo teor literal di:

" PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o establecido nos artigos 77 e seguintes do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, segundo os que as sesións do Pleno de carácter ordinario son aquelas nas que a periodicidade está preestablecida, fixándoas o propio Pleno en sesión extraordinaria, que se celebrará dentro dos trinta días seguintes.

Visto o artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 11/1999, de 21 de abril, "O Pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada dous meses nos Concellos dos municipios dunha poboación entre 5001 e 20000 habitantes".

Vista a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia que sinala no artigo 210.2.a) que "O Pleno realizará sesión ordinaria, como mínimo, cada dous meses".

Tendo en conta os anteriores antecedentes é polo que elevo ó Pleno a seguinte

PROPOSTA

PRIMEIRO.- Que os Plenos ordinarios se celebren con periodicidade mensual, segundo o seguinte calendario e horarios: o derradeiro xoves hábil de cada mes, ás vinte horas e trinta minutos da tarde, exceptuando os meses de agosto e decembro.

SEGUNDO.- Establece-la posibilidade de demora ou anticipo nunha semana da data de celebración das sesións ordinarias, se por causas debidamente xustificadas derivadas da ausencia da Alcaldía, da natureza dos asuntos a tratar, ou da coincidencia das datas con días festivos así resulte conveniente, e mantendo en todo caso o punto preceptivo de "Rogos e Preguntas" e de control dos órganos corporativos segundo a redacción dada ó apartado e) do art. 46.2 da Lei 7/1985 pola Lei 11/1999, de 21 de abril modificadora da mesma.

É canto teño a ben propoñer ó Pleno da Corporación. Non obstante, este acordará o que estime pertinente".

Rematada a lectura e debate da proposta, sométese a votación, resultando aprobaba por UNANIMIDADE dos membros presentes da Corporación Municipal (16 dos 17 Concelleiros que a compoñen).

PROPOSTA ALCALDÍA APROBACIÓN DAS DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS DE, D. FRANCISCO CAJOTO CASERÍO E PARCIAIS DE, Dª. INÉS LÓPEZ COUTO, ASISTENCIA A ÓRGANOS COLEXIADOS, INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO E ASIGNACIÓN AOS GRUPOS POLÍTICOS.-

Pola Secretaria dáse lectura á Proposta de Alcaldía, cuxo teor literal di:

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2019 (19/07/2019 08:00:00)

" PROPOSTA DE ALCALDÍA

Unha vez celebradas as eleccións municipais, o pasado 26 de maio e constituído o novo Concello ou Corporación Municipal o 15 de xuño de 2019, resulta necesario e conveniente proceder ó establecemento da nova organización municipal e, en particular, á determinación das retribucións que percibirán os membros das Corporacións Locais tanto no referente ás dedicacións exclusivas, como ás dedicacións parciais, a asistencia a Órganos Colexiados ou as indemnizacións por razón do servizo nos termos que regula o artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, así como o artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Así como as asignacións a realizar aos grupos políticos municipais de conformidade co artigo 73.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e base de execución nº 50 do Orzamento do Concello de Foz

Por todo isto, esta Alcaldía, formula á Corporación reunida en sesión Plenaria, a seguinte proposta, previa fiscalización de intervención:

PRIMEIRO.-DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS.

- A coordinación das distintas delegacións e con carácter específico a delegación en "Obras, urbanismo, servizos, seguridade cidadá e facenda" de , don Francisco Cajoto Caserio, exercerase en réxime de DEDICACIÓN EXCLUSIVA cunha retribución anual de 43.770,72 € brutos, divididos en catorce pagas iguais (doce ordinarias e dúas extraordinarias). Incluíndose consignación suficiente na aplicación orzamentaria 912.100.00 para o salario, e na 912.160.00 na parte correspondente a seguridade social. Así mesmo, aplicarase o incremento retributivo adicional vinculado a evolución do PIB, que se aprobe para o persoal do sector público.

SEGUNDO.-DEDICACIÓNS PARCIAIS.

-A Delegación de "Emprego, Innovación, Administración Electrónica e Transparencia", e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía", será asumida por Dna Inés López Couto. Exercerase en réxime de DEDICACIÓN PARCIAL de forma que se realice unha dedicación mínima de 75 horas ó mes, exercidas segundo as necesidades da Delegación e que deberán ser xustificadas documentalmente. A DEDICACIÓN PARCIAL suporá unha retribución anual de 21.882,36 € brutos, en catorce pagas iguais (doce ordinarias e dúas extraordinarias). Así mesmo, aplicarase o incremento retributivo adicional vinculado a evolución do PIB, que se aprobe para o persoal do sector público.

TERCEIRO.-ASISTENCIA A ÓRGANOS COLEXIADOS.

Fixar as asistencias pola concorrencia efectiva a sesións de órganos colexiados de que formen parte, nas seguintes:

- Sesións de Comisións informativas e Comisión Especial de Contas: 34,55 €.

- Xunta de Goberno Local: 34,55 €.

- Sesións de Pleno Municipal 68,02€.

No caso de coincidir un mesmo concelleiro en varias sesións de distintos órganos colexiados celebradas no mesmo día ou a celebración de varias sesións dun órgano colexiado nun mesmo día, soamente percibirase indemnización pola asistencia a unha das sesións, que será a de maior valor económico.

CUARTO.-INDEMNIZACIÓN POR RAZÓN DO SERVIZO.

O artigo 75.4 da LRBRL sinala que teñen dereito a percibir indemnizacións polos gastos correspondentes a dietas por manutención, aloxamento e transporte con motivo de comisións de servizo, desprazamento fóra do termo municipal efectuados por razón do cargo e outros que correspondan a idéntica motivación sempre que sexan debidamente autorizados e sexan xustificados documentalmente, tódolos membros da Corporación, incluídos os que desempeñen o cargo en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Os correspondentes gastos serán aboados de conformidade coas disposicións contidas no RD 462/2002, de 24 de maio, sobre Indemnizacións por Razón do Servizo; así como as modificacións que poida sufrir, asimilando ó Alcalde e aos Concelleiros ó Grupo Primeiro a que se refire o Real Decreto citado.

Tendo en conta o anterior, Fixar como indemnizacións a percibir polos membros da Corporación como gastos de viaxe por uso do vehículo particular en comisión de servizo, a cantidade que resulte a razón de 0,19 € por quilómetro percorrido.

Sinalar como indemnización diaria polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo polas xestións que esixan o desprazamento dentro ou fora do termo municipal do Alcalde ou Concelleiros e á súa xustificación o establecido no Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou normativa que a substitúa, nas contías que se sinalen para o Grupo I.

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2019 (19/07/2019 08:00:00)

	Cuantías en euros nas dietas dentro do territorio nacional			
	Por aloxamento	**Por manutención**	**Dieta entera**	**Media dieta**
Grupo 1	102,56	53,34	155,9	26,67
	Cuantías en euros nas dietas fora do territorio nacional			
	O sinalado no Real Decreto 462/2002, de 24 de marzo			

QUINTO.-ASIGNACIÓN OS GRUPOS POLÍTICOS.

De conformidade co artigo 73.3 da LRBRL, proponse ao Pleno da Corporación establecer, unha asignación económica a cada grupo político da Corporación dunha cantidade cun compoñente fixo mensual de 180,30 €, e un compoñente variable de 63,06 € mensuais por cada concelleiro que integre cada un dos devanditos grupos, que se liquidará cunha periodicidade trimestral.

Estas cantidades non poderán destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial e os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación económica, que porán a disposición do Pleno da Corporación, sempre que este o pida.

Anualmente, no mes de decembro de cada ano, cada Grupo político presentará ante a Intervención a xustificación dos gastos dos distintos grupos políticos.

SEXTO.- Que se publique o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación, para que sexan de xeral coñecemento".

Rematada a lectura e debate da proposta, sométese a votación, resultando aprobada por MAIORÍA ABSOLUTA dos membros presentes da Corporación Municipal, cos votos a favor dos membros do grupo do PSdeG-PSOE (7), do grupo do PP (6) e do grupo do BNG (2), e a abstención do membro de FPF (1).

PROPOSTA ALCALDÍA CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS.-

Pola Secretaria dáse lectura á Proposta de Alcaldía, cuxo teor literal di:

" PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o artigo 20.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, conforme co cal a Xunta de Goberno Local existirá en todos os municipios de máis de 5.000 habitantes

Vistos os artigos 24.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, artigo 23.2 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por RDL 781/86, de 18 de abril e o artigo 51 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto que o Pleno do Concello pode delegar calquera das súas atribucións no Alcalde e na Xunta de Goberno Local, coa excepción das enumeradas no artigo 23.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Tendo en conta que o acordo de delegación conterá o ámbito dos asuntos e as facultades concretas que se delegan, así como as condicións específicas de exercicio das mesmas na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto neste Regulamento.

Por todo isto, é polo que elevo ó Pleno a seguinte

PROPOSTA

PRIMEIRO.- A creación da Xunta de Goberno Local do Concello de Foz.

SEGUNDO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias do Pleno, en virtude do artigo 22.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local:

1º.- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

TERCEIRO.- As delegacións referidas efectúanse nos termos do réxime xeral establecido no ROF, abarcando tanto as facultades de dirección e xestión como a de resolución mediante actos e acordos administrativos que afecten a terceiros".

Rematada a lectura e debate da proposta, sométese a votación, resultando aprobaba por UNANIMIDADE dos membros presentes da Corporación Municipal (16 dos 17 Concelleiros que a compoñen).

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2019 (19/07/2019 08:00:00)

DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTES RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.-

-RESOLUCIÓN ALCALDÍA DESIGNACIÓN MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DE ALCALDÍA.-

Pola Secretaria dáse conta da Resolución de Alcaldía , cuxo teor literal di:

" RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

D. FRANCISCO CAJOTO CASERIO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Unha vez celebradas as eleccións municipais, o pasado 26 de maio e constituído o novo Concello ou Corporación Municipal, resulta necesario e conveniente proceder ó establecemento da nova organización municipal e, en particular, á constitución da Xunta de Goberno Local, en exercicio da potestade de autoorganización que o art. 4.1a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, recoñece a esta entidade.

Considerando o disposto nos art. 20.1.b) e 23 da citada Lei, que indica que "A Xunta de Goberno Local existe en tódolos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu Regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu Concello", en concordancia coa previsión da lexislación autonómica de réxime local contida no art. 65.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, que establece que a Xunta de Goberno estará integrada polo Alcalde e un número de concelleiros non superior ó terzo do número legal deles, nomeados ou separados libremente polo Alcalde, que deberá darlle conta disto ó Pleno.

Por todo elo, esta Alcaldía, no uso das atribucións que me confire a lexislación citada

RESOLVE

PRIMEIRO.- Que a Xunta de Goberno Local, presidida por esta Alcaldía, estará integrada polos 5 concelleiros que a continuación se indican:

Francisco Xavier Fanego Bermúdez

Inés López Couto

Hector Morís Fernández

Ana Matea Rojo Eijo

Gema Méndez Leivas

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria unha vez cada quince días, os primeiro e terceiro martes de cada mes ás 10.00 horas. Non obstante, se as circunstancias o aconsellaran, a xuízo do Alcalde, poderá este convocar a sesión con carácter de ordinaria un día distinto da semana e á hora que estime adecuada, respectando sempre a periodicidade mínima antes establecida e as normas legais sobre forma e prazos das convocatorias. En particular, serán criterios a ter en conta pola Alcaldía para a convocatoria das ordinarias para día distinto do establecido como preferente, o feito de que tal día sexa festivo, a conveniencia dun maior estudio dos asuntos que se prevea tratar, a urxencia dos asuntos e calquera outros que xustifiquen razoadamente a decisión. Asemade a Xunta celebrará sesións extraordinarias e reunións deliberantes cando con tal carácter sexan convocadas polo seu Presidente.

O Alcalde poderá suspender a celebración das sesións da Xunta de Goberno Local do mes de agosto e alterar as de Semana Santa e Nadal, como consecuencia dos períodos vacacionais, cando isto non menoscabe a xestión dos asuntos municipais.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións:

- Asistencia e asesoramento a esta Alcaldía no exercicio das súas atribucións.
- As atribucións que esta Alcaldía de forma expresa delega e que, a continuación, se expresan:

Delegar as seguintes atribucións do Alcalde na Xunta de Goberno Local:
- O outorgamento das licencias urbanísticas, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local.

- Recoñecemento e liquidación de obrigas derivadas de compromisos de gastos de mais de 6.000 euros legalmente adquiridos.

- Resolución dos expedientes de concesión de subvencións a partires de 2000 €, agás o expedientes relativos a axudas de emerxencia social.
-Todas aquelas que lle atribúan as leis.

CUARTO.- As competencias delegadas exerceranse pola Xunta de Goberno Local mediante a adopción de acordos na forma determinada polo art. 113 do citado Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/1986, de 23 de novembro. Sen prexuízo do dito, esta Alcaldía resérvase a avocación daqueles asuntos que polas súas características particulares ou pola urxencia que tivesen deberan ser resoltos con prontitude e celeridade.

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2019 (19/07/2019 08:00:00)

Efectos: Os acordos adoptados nas materias delegadas terán pleno efecto e o mesmo valor que as resolucións que dite a Alcaldía en exercicio das atribucións que non delegara.

QUINTO.- Comunicar esta resolución a todos os concelleiros afectados e ós diferentes servizos municipais, para o seu coñecemento e efectos.

SEXTO.- Dar conta ó Pleno desta resolución, na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento ó previsto polo artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

SÉTIMO.- A presente delegación de atribucións producirá efecto dende o día da celebración do pleno municipal de organización, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia".

-RESOLUCIÓN ALCALDÍA DESIGNACIÓN DOS TENENTES DE ALCALDE.-

Pola Secretaria dáse conta da Resolución de Alcaldía , cuxo teor literal di:

" RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D. FRANCISCO CAJOTO CASERIO, Alcalde-Presidente do Concello de FOZ (LUGO)

Unha vez celebradas as Eleccións Locais, o pasado día 26 de maio, e constituído o novo Concello, resulta necesario proceder ó establecemento dunha nova organización municipal, e, en particular, á designación dos tenentes de alcalde.

Considerando que de conformidade co disposto polos art. 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas nos art. 62 e concordantes da Lei 5/97 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a designación dos tenentes de alcalde é competencia desta Alcaldía, quen deberá proceder ó seu nomeamento, mediante Decreto, de entre os membros da Xunta de Goberno Local e, onde esta non exista, de entre os concelleiros.

Considerando que esta Alcaldía, en uso das competencias que lle outorga a lexislación vixente, con data 19 de xuño do presente ano, procedeu á designación dos membros da Xunta de Goberno Local, mediante Resolución de Alcaldía.

Por todo isto, esta Alcaldía, en uso das atribucións que me confire a lexislación anteriormente mencionada,

RESOLVE

PRIMEIRO.- Nomear tenentes de alcalde deste Concello, ós concelleiros membros da Xunta de Goberno Local que a continuación se relacionan, que substituíran esta Alcaldía nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade:

Primeiro tenente de alcalde: D. Francisco Xavier Fanego Bermúdez

Segunda tenente de alcalde: Dna. Inés López Couto

SEGUNDO.- Establecer que, en caso de ausencia, vacante ou enfermidade desta Alcaldía, as atribucións e competencias que me recoñece a lexislación vixente, serán realizadas pola segunda tenente de alcalde.

TERCEIRO.- A estes efectos, esta Alcaldía, cando teña que ausentarse do termo municipal, establecerá mediante Decreto, a duración da súa ausencia, designando ó tenente de alcalde que teña que asumir as súas competencias.

De non conferirse esta delegación expresamente, esta Alcaldía será substituída pola segunda tenente de alcalde.

CUARTO.- Comunicar esta Resolución de Alcaldía ós tenentes de alcalde afectados, facéndolles constar que terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcalde accidental, non podendo no citado exercicio, nin modificar as delegacións xa efectuadas por esta Alcaldía con anterioridade, nin outorgar outras novas.

QUINTO.- Dar conta ó Pleno do Concello desta resolución na sesión extraordinaria que se convoque, en cumprimento do previsto polo artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

SEXTO.- De conformidade co disposto no artigo 46 do citado Regulamento, os nomeamentos efectuados producirán efectos dende o día 20 de xuño de 2015, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, dando conta ó Pleno, na próxima sesión que se celebra".

-RESOLUCIÓN ALCALDÍA ESTABLECEMENTO DUN RÉXIME DE DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS DE CARÁCTER XERAL E ESPECIAL A FAVOR DOS CONCELLEIROS.-

Pola Secretaria dáse conta da Resolución de Alcaldía , cuxo teor literal di:

" RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D. FRANCISCO CAJOTO CASERIO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FOZ (LUGO).

Unha vez celebradas as Eleccións Locais, o pasado día 26 de maio de 2019, e constituído o novo Concello, co obxecto de dotar dunha maior celeridade e eficacia á actuación municipal, esta Alcaldía considera necesario, en uso das facultades que lle confiren os art. 21.3 e 23.4 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2019 (19/07/2019 08:00:00)

e demais lexislación concordante, proceder ó establecemento dun réxime de delegacións de competencias de carácter xeral a favor dos concelleiros que logo se dirán.

De conformidade coa lexislación á que se fixo referencia anteriormente, esta Alcaldía pode delegar o exercicio das súas atribucións sempre e cando non se encontre dentro dos supostos previstos no art. 21.3 da Lei Reguladora das bases de Réxime Local.

Por todo isto, esta Alcaldía, no uso das atribucións que legalmente teño conferidas,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Encomendar a coordinación das distintas delegacións ao Alcalde- Presidente, D. Francisco Cajoto Caserio, tendo con carácter específico a delegación en "Obras, urbanismo, servizos, seguridade cidadá e facenda"

SEGUNDO.- Establécense as seguintes Delegacións por áreas de xestión e servizos municipais:

Primeiro tenente de alcalde: D. Xavier Fanego Bermúdez. Concelleiro delegado en " Patrimonio, Medio Ambiente, Medio Rural e Mar".

Segunda tenente de alcalde. Dna. Inés López Couto.Concelleira delegada en " Emprego, Innovación , Administración Electrónica e Transparencia".

Héctor Moris Fernández, Concelleiro delegado en "Cultura, Educación e Festas".

Ana Matea Rojo Eijo, " Concelleira delgada en " Asuntos Sociais e familia"

Gema Méndez Leivas, Concelleira delegada en " Deportes e Xuventude".

Acela Verónica Peña Rodríguez, Concelleira con delegación especial en "Muller, Igualdade e Inmigración".

Jose María Linares Rodríguez, Concelleiro con delegación especial en " Comercio, Turismo e actividades económicas".

Carlos García Rodríguez, Concelleiro con delegación especial en "Comunicacións e Relacións Institucionais".

TERCEIRO.- As delegacións de atribucións nos concelleiros abranguen a facultade de dirixir e xestionar os servizos correspondentes, pero non incluíran a facultade de resolver fronte a terceiros mediante actos administrativos e sen autorización do gasto.

CUARTO.- As atribucións delegadas deberanse exercer nos termos e dentro dos límites desta delegación, non sendo susceptibles de ser delegadas polos seus titulares noutro órgano ou concelleiro. E neste caso a Alcaldía poderá mandar ás distintas delegacións determinadas funcións específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía.

Terase a obriga de manter informado puntualmente á Alcaldía das resolucións que se adopten por delegación.

QUINTO.- Estas delegacións, de conformidade co disposto polo artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, terán efecto dende o día seguinte á data de notificación deste Decreto ós concelleiros afectados, sen prexuízo da potestade de avocación desta Alcaldía.

SEXTO.- Notificar este decreto ós concelleiros afectados, entendéndose aceptada a competencia delegada de forma tácita se, dentro do prazo das 24 horas seguintes, non se manifesta nada en contra ou se fai uso da delegación.

SÉTIMO.- Dar conta ó Pleno na primeira sesión que teña lugar do presente decreto, que producirá efecto dende o día seguinte ó da súa data en prexuízo da súa preceptiva publicación no BOP, conforme o disposto no art. 44 do RD 2568/1986 e notificación os designados.".

Foz, 11 de xullo de 2019.- O Alcalde,Francisco Cajoto Caserío.

R. 2181

FRIOL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 23 de Abril de 2019, foron aprobadas as bases específicas para a selección e posterior contratación de doce traballadores por un período de catro meses de duración e cunha xornada de traballo do 75% (6 Horas) para o desempeño o servizo de mantemento de zonas naturais e espacios públicos, ao abeiro do Programa Fomento do Emprego 2018, incluído no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018 da Excma. Deputación Provincial de Lugo e que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 104 do 8 de Maio de 2019.

Visto que unha vez realizada a selección de persoal celebrada o pasado día vinte e sete de maio de dous mil dezanove, pola que se selecciona a un total de doce traballadores e un traballador de reserva

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2019 (19/07/2019 08:00:00)

Visto que o traballador que foi seleccionado como reserva, xa foi contratado polo Concello de Friol para suplir unha vacante dos doce traballadores contratados.

Visto que a día de hoxe non existe traballador/a como reserva da selección de persoal celebrada o pasado día vinte e sete de maio de actual.

É polo que para proceder á suplir a posible causa dunha nova baixa voluntaria por parte dos traballadores seleccionados no seu momento, procédese a unha nova selección de persoal, de conformidade coas bases de convocatoria no seu día aprobadas.

Prazo de Presentación de Solicitudes: no prazo de cinco días naturais contados a partir do día seguinte a publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Rexistro Xeral do Concello de Friol en horario de 9:00 a 15:00 horas de luns a venres, ou a través de calquera dos medios que prevé a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de que o proceso remate en día inhábil, entenderase prorrogado ao día hábil seguinte.

Máis información nas Bases da Convocatoria de data 23 de Abril de 2019 que poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios do Concello de Friol e no portal de transparencia da súa páxina web (www.concellodefriol.es).

Friol, 03 de Xullo de 2019.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2180

LOURENZÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. XUÑO 2019

EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data o día 04 de xullo de 2019, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Xuño de 2019 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil novecentos sesenta e seis euros con corenta e dous céntimo de euro (3.966,42 €) , dos que tres mil douscentos cincuenta e un euros con setenta e tres céntimos de euro (3251,73 €) correspondente a dependencia , e setecentos catorce euros con sesenta e nove céntimos de euro(714,69€) son de libre concorrencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada ei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que considere oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 5 de xullo de 2019.- A Alcadesa, Rocío López García.

R. 2182

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2019 (19/07/2019 08:00:00)

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 11/07/19 o Padrón da Taxa de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos do segundo trimestre de 2019, exponse ao público na Secretaría do Concello por prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, quedando elevada a definitiva dita aprobación no caso de que non se presentaran reclamacións.

Establécese como período de cobro en voluntaria do 1 ó 20 de agosto de 2019.

Lourenzá, 11 de xullo do 2019.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 2183

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 08/07/2019, aprobou inicialmente o expediente núm. 1/2019 de modificación de créditos do orzamento do 2019. Dando cumprimento ao preceptuado no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, exponse ao público por prazo de quince días hábiles na secretaria deste Concello que comezará a contarse dende o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas e que deberán dirixirse ao sr. alcalde-presidente deste Concello.

A Pobra do Brollón, 11 de xullo de 2019.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 2184

VILALBA

Anuncio

Decreto de S.Sª a Alcaldesa, dona Elba Veleiro Fernández

BASES CONTRATACIÓN BRIGADAS FORESTAIS E CONDUCTORES DE MOTOBOMBA EXTINCIÓN E PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS. Expte. 890/2019.

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedimento ó que se refire este decreto, en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedimento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Visto o Convenio de Colaboración Subscrito en data 24/06/2019 entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Vilalba, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2019, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, no que o Concello de Vilalba se compromete a dispor, en todo momento dunha motobomba, e de dúas brigadas efectivas compostas por 5 membros por xornada de traballo, actuando un deles como responsable e coordinador do funcionamento das mesmas para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertenza o concello.

Visto que para dar cumprimento o contido obrigacional derivado do convenio antes citado, o Concello según a claúsula cuarta pode optar por contratar directamente o persoal ou ben proceder a externalización do servizo/traballo con empresas do sector forestal.

Visto que segundo o artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais é exclusiva da Xunta de Galicia sen perxuicio do disposto no artigo. 149.1.23 da CE.

Vista a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, modificada pola disposición derradeira primeira da Lei 7/2012 do 28 de xuño.

Visto o artigo 80 da Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia e o 25 da Lei 7/1985, do 2 abril polo que se atribúe compentencias a Administración Local en materia de protección de medio ambiente, protección civil e a prevención e extinción de incendios.

Vista a excepcionalidade, a necesidade urxente e inaprazable e a función prioritaria converxen neste caso ó tratarse dunha necesidade puntual derivada dun Convenio de Colaboración coa Consellería do Medio Rural tratando de previr e, no seu caso, defender o termo municipal dos incendios forestais que, desgraciadamente, cada verán asolan a nosa Comunidade.

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2019 (19/07/2019 08:00:00)

Visto que nos últimos anos estanse firmando convenios para contratación de brigadas forestais, e aproveitando o proceso selectivo a levar a cabo, estímase conveniente prever a posibilidade de crear unhas listas de aspirantes para a súa contratación nos vindeiros anos, sen prexuízo de que antes da súa contratación deban superar e acreditar os extremos requiridos no correspondente convenio.

As contratacións puntuais a través das listas de aspirantes faríase previa apreciación e xustificación dos requisitos esixidos pola normativa aplicable, incorporando ó expediente a documentación xustificativa que proceda.

Visto informe favorable da interventora, e de conformidade coa normativa vixente.

Tendo en conta as atribucións que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia únicamente para resolver os asuntos a que se refiere este Decreto, a cal foi delegada por decreto da alcaldía número 375 de 02/07/2019, na Xunta de Goberno Local

Segundo.- Considerar por esta alcaldía que a contratación do persoal das brigadas forestais é unha necesidade urxente e inaprazable, que afecta ao funcionamento dun servizo público esencial.

Terceiro.- Considerar a contratación directa do persoal como a opción maís beneficiosa para o Concello tanto por motivos de economía como de eficiencia.

Cuarto.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de selección nos termos seguintes:

BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL PARA REALIZAR TRABALLOS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, NO ANO 2019 POR UN PRAZO DE 3 MESES NO CONCELLO DE VILALBA E NOS SEGUINTES POSTOS DE TRABALLO. Expte. 890/2019:

- 2 XEFES DE BRIGA

- 8 PEÓNS DE BRIGADA

- 2 CONDUCTORES DE AUTOBOMBA

1º.- Obxecto da convocatoria:

1.1. O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal, en réxime de dereito laboral, e a xornada completa, dos seguintes postos de traballo para a constitución no municipio dunha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais:

- **2 Xefes de brigada.**

- **8 peóns de brigada.**

- **2 conductores de autobomba.**

1.1.- O obxecto desta convocatoria é a selección de doce persoas como persoal laboral temporal (máximo tres meses de duración) para realizar actuacións de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais no marco do "Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Vilalba para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020".

- **2 Xefes de brigada.**

- **8 peóns de brigada.**

- **2 conductores de autobomba.**

Serán funcións a desempeñar polos/as traballadores/as contratados/as as establecidas no "Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Vilalba para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa", sendo financiada a contratación pola Consellería do Medio Rural e o Fondo FEADER no marco do PDR de Galicia 204-2020.

O ámbito de actuación será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellaría competente en materia forestal. Sen ánimo exhaustivo, as funcións a desenvolver son:

- Traballos de vixilancia e defensa contra os incendios forestais.

- Traballos encamiñados á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse.

O xefe de brigada será o responsable e coordinador do funcionamento da brigada mantendo as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal.

Os membros da brigada deberán ter plena dispoñibilidade (incluíndo domingos, festivos, quendas de noite...segundo as necesidades do servizo).

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2019 (19/07/2019 08:00:00)

A execución das actuacións de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais terá unha duración máxima de 3 meses, de conformidade co Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Vilalba.

Retribucións: As retribucións brutas mensuais serán as seguintes:

Capataz forestal:

Soldo: 732,87 €

Complemento do posto: 752,15 €

Peón forestal:

Soldo: 569,29 €

Complemento do posto: 678,57 €

Conductor motobomba:

Soldo: 621,20 €

Complemento do posto: 714,29 €

En aplicación do convenio colectivo de persoal laboral do concello de Vilalba de 20/11/2018 (BOP nº 298 de 31/12/2018), e a subida do 2,25% aprobada por Real Decreto 24/2018 de 21/12/2018.

1.2.- O sistema selectivo elixido será o de **concurso**

1.3.- O presente proceso selectivo seralle de aplicación o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; a Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública; a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais Vixentes na Materia de Réxime Local; o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedimento de selección dos funcionarios da Administración Local; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; e as bases da presente convocatoria.

2º.- Tipo e duración do contrato:

Os contratos serán de traballo temporal de **obra ou servizo determinado**. A duración do contrato será de tres meses . Os traballos comezarán entre o día 1 e o día 31 de xullo e rematarán entre o día 30 de setembro e o día 31 de outubro deste ano, salvo que por causas xustificadas se demore a data de inicio prevista anteriormente.

O réxime xurídico da relación será de carácter laboral, réxime de dedicación a **tempo completo por quendas, de luns a domingo**.

3º.- Requisitos dos aspirantes:

Serán requisitos mínimos dos aspirantes a esta contratación:

1.- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ó emprego público de conformidade co disposto no artigo 52 Lei 2/2015 do emprego público de Galicia..

